

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

**INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E FOMENTO**

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Prego de condicións técnicas para a CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE IMPARTA UN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación elaborado pola Dierctora do Proxecto URBAN

II. Informe de Intervención no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 24400.22799 do vixente Orzamento Xeral por importe de 39.000 euros

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia redactado polo servizo de contratación do concello con data 27 de febreiro de 2012

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles “cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 115 da LCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138 e 157 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación que exclusivamente é o prezo ofertado polo que se respectan os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref^a: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexisltivo 3/2011 de 14 de novembro, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexerán na licitación de referencia, sendo o teor literal o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación). -----

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste contrato é a prestación dun servizo consistente na impartición dun curso de formación ocupacional dirixido a persoas con especiais dificultades para o acceso ao mercado laboral no ámbito do varios oficios relacionados coa reforma de edificios (electricidade, fontanaría e pintura) a prevencion de riscos laborais e as normas e principios ambientais aplicables ao oficio, todo elo segundo o prego de condicións técnicas elaborado pola Directora do Proxecto URBAN. Trátase dun proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) cofinanciado no 70% pola Union Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) e dentro do eixe de intervención destinado ao “ Fomento da integración social e igualdade de oportunidades”.

CONTRATAION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

CNAE 2009: 85.32 Educación secundaria técnica e profesional
CPV. 80421000-1.... Servizos de formación especializada.

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Trátase dun contrato de servizos recollido e regulado no artigo 10 do TRLCSP e que ten por obxecto a realización dun servizo de formación ocupacional dirixido a persoas con especiais dificultades para o acceso ao mercado laboral no ámbito do varios oficios relacionados coa reforma de edificios (electricidade, fontanaría e pintura) a prevención de riscos laborais e as normas e principios ambientais aplicables ao oficio, todo elo segundo o prego de condicións técnicas elaborado pola Directora do Proxecto URBAN.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA.- PREZO DO CONTRATO

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

1.- O valor estimado do contrato para ascende á cantidade de **39.000 euros** (TRINTA E NOVE MIL EUROS) non correspondendo cantidade algunha en concepto de IVE xa que a actividade está exenta deste imposto. Polo tanto non se aceptarán ofertas con IVE.

2.- Trátase dun proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a traveso do Programa URBAN , que aporta o 70 %, e dicir, 27.300 euros, e polo Concello de Lugo, que aporta o 30 %, isto é 11.700 euros. Existe consignación orzamentaria na partida 24400.22799 do vixente Orzamento xeral para o importe de 39.000 euros.

3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

4.- Dada a duración do contrato, non procederá a revisión de prezos.

CUARTA.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

As accións formativas terán unha duracion de 360 horas que se iniciarán no prazo de 7 días trala sinatura do contrato, todo esto conforme a cláusula 2.1 do prego de condicións técnicas.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

6.2 A solvencia técnica deberá ser xustificada con toda a documentación que a continuación se indica (mediante orixinais ou copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a responsable do rexistro deste Excmo. Concello):

- Xustificación de ser un centro educativo a través de documentación acreditativa do conxunto de medios materiais e humanos ordenados con carácter de permanencia para prestar servizos de ensinanza. Para iso achegarase:
 - Imposto de actividades económicas como centro educativo
 - Licenza das instalacións como centro de formación para realizar o curso proposto.
 - Xustificación da estrutura de persoal mínima a través de copia do último TC e declaración do responsable do titular sinalando posto de cada persoa.
 - Declaración do responsable sinalando os cursos impartidos, fechas e horas de duración dos últimos tres anos. **Requisitos mínimos:** 1200 horas de formación ao ano.
- Ubicación e plano a escala en que se sinalen os espazos onde se vai realizar o curso (aula e taller) e fotografías actuais. **Requisitos mínimos:** aula de clases de 30 m2 e taller para prácticas de 100 m2. Declaración do representante sinalando que o taller ten vestiarios para mulleres e homes de uso exclusivo para esta actividade no mesmo horario, en bo estado de conservación e que gardan proporción co número de alumnas/os.
- Curriculum vitae do persoal de coordinación e docente (asinado manifestando a súa dispoñibilidade), especificando as funcións a desenvolver por cada un deles. Respecto ás/aos monitores, a entidade diferenciará na súa proposta entre titulares e un/a sustituto/a para caso de enfermidade dos/as titulares ou outra causa suficientemente xustificada, achegando os currículos de todos. De producirse algunha substitución das/os titulares no desenvolvemento do curso, a empresa deberá comunicalo por escrito, como tarde, o mesmo día que se produza especificando o motivo. **Requisitos mínimos:**
 - Coordinador/a: titulación universitaria e 3 anos de experiencia en posto similar;
 - Monitores/as de cada oficio (electricidade, fontanaría, pintura) : titulación especializada e experiencia mínima de 5 anos en formación

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

- e/ou traballo en cada un dos oficios. Unha mesma persoa pode ser monitora de máis dun oficio se cumpre os requisitos.
- Xustificación do cumprimento dos requisitos para que a formación en prevención teña recoñecemento no sector da construción: documento de homologación do centro e titulación das/os docentes (tanto se o vai impartir directamente ou o vai subcontratar).
 - Declaración asinada por un/unha Técnico/a en Prevención de riscos laborais na que se manifieste que todas as instalacións previstas están preparadas na actualidade para albergar a formación obxecto do contrato ou, se teñen deficiencias podan ser corrixidas no prazo de 15 días.
 - Programa formativo detallado seguindo o esquema básico sinalado no punto 2.2.A. dos pregos técnicos, con detalle de horas destinadas a cada parte e indicación de se é traballo de aula ou taller. **Deberase especificar** a forma en que se trasladarán os principios ambientais ao ensino tanto na aula coma no taller (carácter transversal), concretando entre outros como se van xestionar os residuos que se produzan no curso.
 - Relación de pezas de vestir de traballo e elementos de protección que se entregarán ás/os alumnas/os declarando a súa suficiencia por parte dun/dunha técnico/a en prevención.
 - Modelo de ficha para a avaliación da actuación formativa que realizarán as/os alumnas/os na que se incluírán preguntas sobre todos os aspectos da formación (interesa e utilidade do curso, docentes, instalacións, dispoñibilidade de materiais, aproveitamento do tempo, etc)
 - Relación detallada dos medios materiais inventariables que se utilizarán no desenvolvemento do programa para cada un dos oficios tendo en conta un máximo de 10 alumnas/os asinado polos/as monitores/as de cada oficio no que manifieste a súa suficiencia para que todas/os as/os alumnas/os poidan estar a traballar á vez, cuestión da que se fará continuo seguemento dende a oficina URBAN ao considerarse moi importante para estimular a motivación dos/as alumnos/as. Toda a maquinaria terá marcado CE. Xustificarse se nalgún caso non se precisa.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es) O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e letras B OFERTA ECONÓMICA.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarse ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre denominado A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA – conterá como mínimo os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarse a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- Declaración responsable do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimismo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste. Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

6.- **No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO
10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición

O sobre denominado B – OFERTA ECONÓMICA - conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación **DE CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA**

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación)

b) Propón como prezo do contrato:euros. (actividade exenta de IVE)
As cantidades consignarase asi mesmo en letra.

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado de Urbanismo
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir ese día co 24 ou 31 de decembro ou 22 de maio (Santa Rita) e se prorrogará ata o primeiro día hábil.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratacion de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACION

Para a valoración das propostas teranse en conta **exclusivamente o criterio da oferta economicamente máis baixa.**

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicacion establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (a Directora do Plan URBAN), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227 e 228 do TRLCSP. En todo caso deberá terse en conta o disposto na cláusula 10ª do prego de condicións técnicas que establece que “Se a entidade non é un centro homologado aos efectos da validez no sector da formación en prevención, pode subcontratar esta parte formativa cunha entidade que cumpra os requisitos. O resto da acción formativa deberá impartila directamente o adxudicatario.”

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO
10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se imponha por resolución xudicial ou administrativa.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando proceda, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento do prezo do contrato será aboado ó contratista polo Concello contra facturas conforme o establecido na cláusula 9ª do prego de condicións técnicas.

As ditas facturas aboaranse unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada polo responsable do contrato e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, emprendemento, autónomos e educación.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo oitava destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO
10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na contratación dun **PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN COA COFINANCIACIÓN DO 70% DA UNION EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 10UR2101 URBAN Formacion Ocupacional rehabilitación, declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE IMPARTA UN PROGRAMA DE FORMACIÓN REFORMA DE INTERIORES ENMARCADO NO PROXECTO URBAN co cofinanciamento do 70% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

Galicia 2007-2013) (Proxecto 10UR2101 URBAN Formación ocupacional rehabilitación)

ANTECEDENTES

O Concello de Lugo está a executar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) co cofinanciamento do 70% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) cuxo obxectivo é o desenvolvemento integrado do centro histórico da cidade no seu ámbito coincidente coa área PEPRI do centro histórico. O eixe de intervención destinado ao **FOMENTO DA INTEGRACIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES** contempla accións formativas e de emprego necesarias para dar unha alternativa sociolaboral aos colectivos máis desfavorecidos no mercado laboral (mulleres, inmigrantes, titulados universitarios que por diferentes razóns atopan problemas á hora de acceder a un posto de traballo, parados de longa duración, parados maiores de 45 anos, etc.). Tal como sinala o Anexo do Acordo sobre atribucións asinado entre o Concello de Lugo e a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda preténdese, de forma paralela, o desenvolvemento de traballos orientados á rehabilitación e a participación noutras actuacións do programa.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é impartir un curso de formación ocupacional dirixido a persoas con especiais dificultades para o acceso ao mercado laboral no ámbito de varios oficios relacionados coa reforma de edificios (electricidade, fontanaría e pintura), a prevención de riscos laborais e as normas e principios ambientais aplicables ao oficio.

2. DATOS XERAIS DO SERVIZO A CONTRATAR

2.1. Duración

A actuación formativa terá unha duración de 360 horas en horario de 17:30 horas a 22:00 horas iniciándose no prazo de 7 días tras a sinatura do contrato.

Terá a seguinte distribución por materias:

- 310 horas de formación nos oficios, das cales como máximo o 15% serán en aula.
- 48 horas de prevención de riscos laborais
- 2 horas de formación ambiental

2.2. Contido mínimo do programa

O programa formativo deberá incluír os seguintes contidos mínimos:

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

A. Formación no oficio. Contido teórico-práctico

- Organización do traballo (10 horas). Elementos básicos de escritura (nocións de ortografía e recursos para resolver dúbidas); cálculo (operacións, áreas, manexo de calculadora).
- Electricidade (100 horas). Montaxe de elementos e equipos de instalacións eléctricas de baixa tensión e instalacións domóticas en edificios.
- Fontanería (100 horas). Montaxe de instalacións de auga fría e quente en edificios; instalacións de calefacción; instalacións de redes de saneamento para augas pluviais e fecais; montaxe de aparatos sanitarios.
- Pintura de interiores e exteriores (100 horas). Preparado de soportes e aplicación de pintura ao tempero e plástica incluíndo tratamentos específicos (revestimentos, humedades, impermeabilizantes). Aplicación de lacados, esmaltados e vernizados.

B. Prevención de riscos laborais. Formación que o IV Convenio Xeral do Sector da Construción denomina Aula Permanente de Prevención (8 horas) e o Segundo ciclo de formación no oficio (20 horas en traballos de electricidade e 20 horas en traballos de fontanería) con recoñecemento para os efectos da súa validez no sector segundo o sinalado no devandito convenio colectivo.

C. Modulo ambiental. Terá un contido directamente aplicable ao desenvolvemento do traballo no oficio. Reservaranse 2 horas para esta formación na que se incluírá aforro enerxético, aproveitamento de materiais, reutilización e tratamento dos residuos que se xeran no oficio, etc. Transmitiranse boas prácticas no oficio.

O módulo ambiental impartirase na primeira semana da acción formativa. A Aula Permanente de Prevención impartirase antes de iniciar a parte práctica.

O Segundo ciclo de prevención distribuirase nos primeiros días da formación práctica de cada oficio ao obxecto de que as/os alumnas/os coñezan a súa aplicación directa e tamén co fin de evitar un longo período de traballo inicial en aula.

2.3. Presupuesto máximo: 39.000,00 € nos que están incluídos todos os conceptos e impostos. Esta financiación está prevista na aplicación 244.00/227.99 do presuposto municipal de 2012.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

2.4. Alumnas/os. Atenderase un máximo de 10 alumnas/os que serán captados polo proxecto URBAN. Tratarase de incorporar persoas pertencentes a colectivos con risco de exclusión no mercado laboral, poñendo especial empeño en conseguir a participación de mulleres. Considerarase que se atopan en risco de exclusión os que, aínda estando a traballar na actualidade cun contrato temporal, acumularon máis de 20 meses de desemprego nos últimos 24 meses. As/os alumnas/os poderan cursar o módulo de pintura de xeito independente aos outros dous.

3. DATOS A PRESENTAR NA OFERTA E REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA

Xunto cos documentos determinados nos pregos de prescricións administrativas, as entidades deberán presentar a seguinte documentación (orixinal ou, no seu caso, orixinal e copia):

- Xustificación de ser un centro educativo a través de documentación acreditativa do conxunto de medios materiais e humanos ordenados con carácter de permanencia para prestar servizos de ensino. Para iso achegarase:
 - o Imposto de actividades económicas como centro educativo
 - o Licenza das instalacións que se utilizarán como centro de formación para realizar o curso proposto.
 - o Xustificación da estrutura de personal mínima a través de copia do último TC e declaración do responsable do titular sinalando posto de cada persoa.
 - o Declaración do/da representante da entidade sinalando os cursos impartidos, datas e horas de duración dos últimos tres anos.
Requisitos mínimos: 1200 horas de formación ao ano.
- Situación e plano a escala en que se sinalen os espazos onde se vai realizar o curso (aula e taller) e fotografías actuais. **Requisitos mínimos:** aula de clases de 30 m² e taller para prácticas de 100 m². Declaración do/da representante sinalando que o taller ten vestiarios para mulleres e homes de uso exclusivo para esta actividade no mesmo horario, en bo estado de conservación e que gardan proporción co número de alumnas/os.
- Curriculum vitae do persoal de coordinación e docente (asinado manifestando a súa dispoñibilidade), especificando as funcións a desenvolver por cada un deles. Respecto a as/os monitoras/es, a entidade diferenciará na súa proposta entre titulares e un/a substituto/a para caso de enfermidade das/os titulares ou outra causa suficientemente xustificada, achegando os

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

currículos de todos. De producirse algunha substitución das/os titulares no desenvolvemento do curso, a empresa deberá comunicalo por escrito, como tarde, o mesmo día que se produza especificando o motivo. **Requisitos mínimos:**

- Coordinador/a: titulación universitaria e 3 anos de experiencia en posto similar;
- Monitores/as de cada oficio (electricidade, fontanería, pintura): titulación especializada e experiencia mínima de 5 anos en formación e/ou traballo en cada un dos oficios. Unha mesma persoa pode ser monitora de máis dun oficio se cumpre os requisitos.
- Xustificación do cumprimento dos requisitos para que a formación en prevención teña recoñecemento no sector da construción: documento de homologación do centro e titulación das/os docentes (tanto se o vai impartir directamente ou o vai a subcontratar).
- Declaración asinada por un/a Técnico/a en Prevención de riscos laborais na que se manifieste que todas as instalacións previstas están preparadas na actualidade para albergar a formación obxecto do contrato ou, se teñen deficiencias, poden ser corrixidas no prazo de 15 días.
- Programa formativo detallado seguindo o esquema básico sinalado no punto 2.2.A con detalle de horas destinadas a cada parte e indicación de se é traballo de aula ou taller. **Deberase especificar** a forma en que se trasladarán os principios ambientais ao ensino tanto na aula coma no taller (carácter transversal), concretando entre outros como se van xestionar os residuos que se produzan no curso.
- Relación de prendas de traballo e elementos de protección que se entregarán ás/os alumnas/os declarando a súa suficiencia por parte de un/a técnico/a en prevención.
- Modelo de ficha para a avaliación da actuación formativa que realizarán as/os alumnas/os na que se incluírán preguntas sobre todos os aspectos da formación (interese e utilidade do curso, docentes, instalacións, dispoñibilidade de materiais, aproveitamento do tempo, etc).
- Relación detallada dos medios materiais inventariables que se utilizarán no desenvolvemento do programa para cada un dos oficios tendo en conta un máximo de 10 alumnas/os asinado por os/as monitores/as de cada oficio no que manifieste a súa **suficiencia para que todas/os as/os alumnas/os poidan estar a traballar á vez**, cuestión da que se fará continuo seguimento dende a oficina URBAN ao considerarse moi importante para estimular a motivación

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

das/os alumnas/os. Toda a maquinaria terá marcado CE. Xustificarse se nalgún caso non se precisa.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Proporase a adxudicación a favor da oferta económica máis baixa de entre as propostas que cumpran os requisitos de solvencia técnica.

5. OUTRAS OBRIGAS DA ENTIDADE

5.1. Se a acción formativa se imparte en instalacións situadas a máis de 1 km da Rolda da Muralla (límite exterior da zona URBAN; pódese consultar o seu ámbito completo en www.lugo.es/urban), a empresa adxudicataria organizará e custeará o traslado das/os alumnas/os dende o centro histórico.

5.2. A empresa adjudicataria deberá facilitar a seguinte documentación á Oficina URBAN a través do Rexistro municipal:

5.2.1. Con anterioridade ao inicio da execución do programa presentará orixinal e copia da seguinte documentación:

- Seguros de accidentes e de responsabilidade civil por as/os participantes. O seguro de accidentes suscribírase ca seguinte cobertura mínima por cada alumna/o:
 - falecemento e invalidez permanente: 30.000 €
 - asistencia sanitaria: duración ilimitada e sen franquía
- Plan de prevención que se aplicará ao lugar no que se desenvolverá a acción formativa se isto non estivese incluído no Plan de prevención presentado para a oferta.
- Calendario exacto para o desenvolvemento do curso coa distribución das materias.

5.2.2. Durante a execución do curso, nos **tres primeiros días de cada mes** entregará:

- Partes mensuais de firmas.
- Xustificantes de faltas.
- Cadro resumo segundo o modelo que se achegará dende a oficina URBAN no que se reflectirá a asistencia de cada alumna/o.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

5.3. As/os alumnas/os realizarán dúas avaliacións en cada módulo formativo por oficio: a primeira cando leven 10 días de formación en cada oficio e outra ao finalizar cada módulo.

5.4. A oficina URBAN levará a cabo o seguimento do curso, podendo realizar as visitas de control e solicitar a documentación relativa a este que considere conveniente para asegurar a súa correcta execución. A entidade adxudicataria deberá prestar a colaboración necesaria no desenvolvemento desa función facilitando as visitas e a presentación da documentación requirida. Para os efectos de seguimento, a posta a disposición de materiais ao curso e a entrega de vestiario e elementos de protección aos alumnos quedará reflectida en documentos asinados por ambas as dúas partes.

6. PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

En aplicación do principio de igualdade de oportunidades, tendo en conta a subrepresentación das mulleres nestes sectores, terán prioridade no acceso á formación sempre que a interesada se formule a actuación como unha saída profesional.

7. OBRIGAS DE PUBLICIDADE

Todos os documentos que se utilicen na acción formativa levarán os logotipos do Concello, a bandeira europea e URBAN e unha declaración facendo referencia ao cofinanciamento comunitario seguindo as instrucións dadas dende a oficina URBAN. Para os partes de sinaturas e os diplomas seguirase o modelo que se entregará á empresa. As/os alumnas/os irán equipadas/os na parte práctica co vestiario de traballo apropiado para a acción a realizar. Se algunha prenda leva impreso algún logotipo da institución, deberá levar tamén os mesmos logotipos que o resto do material. En calquera actuación de difusión que faga a entidade, memorias de actividade, etc, o adxudicatario fará referencia ao importe do cofinanciamento comunitario desta actividade.

8. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Concello de Lugo é propietario e Responsable duns Ficheiros e, por outro lado, é Encargado do Tratamento doutros. Ambos os dous conteñen información con datos de carácter persoal o tratamento do cal está suxeito á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD). Os devanditos ficheiros foron debidamente inscritos no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos.

Para a execución dos servizos incluídos neste contrato, é necesario que o Concello de Lugo (como responsable do ficheiro) poña, a disposición do

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

provedor (encargado do tratamento), datos de carácter persoal correspondentes aos seguintes ficheiros, co seu correspondente nivel de seguridade:

Responsable Ficheiro:	Denominación Ficheiro:	Nivel de seguridade:
Plan URBAN	Urbanformación	Básico

O servizo deste contrato levarase a cabo en locais do provedor. O acceso por parte do encargado do tratamento aos datos de titularidad do Concello de Lugo realizarase única e exclusivamente coa finalidade descrita neste contrato. Nestas condicións, e sempre que os datos sexan tratados conforme ás instrucións dadas e coa finalidade prevista, dito acceso non se considerará comunicación de datos.

O encargado de tratamento, sen prexuízo do cumprimento das obrigas legais, profesionais ou deontolóxicas que lle sexan de aplicación, obrígase a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal o acceso do cal se regula polo presente contrato, obriga que subsistirá aínda despois de finalizar as súas relacións co Concello de Lugo.

A teor do establecido no artigo 9 da LOPD, o provedor comprométese a adoptar as medidas necesarias de índole técnica e organizativa, correspondentes aos niveis de seguridade especificados, que garantan a seguridade dos datos persoais que proveñen do ficheiro referenciado e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou de medio físico ou natural.

Ao ser prestado este servizo dende os propios locais do provedor, alleos aos do Concello, este deberá elaborar un documento de seguridade nos termos esixidos polo art. 88 do R.D. 1720/2007, identificando cada ficheiro e o responsable deste e incorporando as medidas de seguridade implantadas en relación ao devandito tratamento.

O Concello queda exonerado de calquera responsabilidade que se puidese xerar polo incumprimento por parte do encargado de tratamento das estipulacións do presente contrato e en concreto:

- a) No suposto de que a persoa encargada do tratamento utilice ou destine os datos de carácter persoal para calquera outro fin distinto do aquí pactado e aceptado por ambas as dúas partes.
- b) Pola vulneración por parte do devandito encargado do deber que lle incumbe de gardar segredo sobre estes, e de non os comunicar a terceiras persoas.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO 10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

c) Por utilizar os datos incumprindo, en calquera modo, as estipulacións do presente contrato.

En todos estes supostos, e en xeral por incumprimento de calquera dos pactos do presente acordo, o encargado do tratamento será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese, así como de calquera reclamación que polas persoas interesadas se interpoña ante a Axencia Española de Protección de Datos e da indemnización que, no seu caso, se recoñeza á persoa afectada que exercite a acción de responsabilidade polo dano ou lesión que sufra nos seus bens ou dereitos.

Unha vez finalizada legalmente a relación contractual, os datos de carácter persoal utilizados polo encargado do tratamento deberán ser destruídos ou devoltos á persoa responsable deste contrato no Concello, xunto con calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

A empresa adxudicataria achegará unha dirección de correo electrónico para o envío dos datos das/os alumnas/os.

9. PAGO E REQUISITOS PREVIOS

Emitiranse dúas facturas por importe do 50%, a primeira cando se imparta o 50% da formación e a segunda á finalización. Con cada factura entregará unha memoria de execución material coa seguinte información mínima:

- Temario e traballo abordado ata a data distribuído por días.
- Relación de materiais postos a disposición do curso xustificado a través de partes de entrega de material.
- Valoración xeral do curso realizada pola entidade.
- Unha valoración do grao de aptitude alcanzado por cada alumna/ou para a súa inserción laboral así como outros aspectos de interese para a súa incorporación ao mercado de traballo.
- Memoria preventiva do curso.
- Fichas de avaliación da actividade formativa realizadas por as/os alumnas/os ás que se fai referencia no punto 5.3.

10. SUBCONTRATACIÓN

Se a entidade non é un centro homologado aos efectos da validez no sector da formación en prevención, pode subcontratar esta parte formativa cunha entidade que cumpra os requisitos. O resto da acción formativa deberá impartila directamente o adxudicatario.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: informe proposta servizo formación REFORMA INTERIOR PROXECTO
10UR2101URBAN

Asunto: proposta pregos

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 39.000 euros con cargo á partida 24400.22799 do vixente Orzamento xeral de 2012.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, a 27 de febreiro de 2012

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION
XERAL

O XEFE DE SERVIZO DE
CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo. Manuel Louzao Aldariz

CONFORME, A CONCELLEIRA
DELEGADA DA ÁREA

Asdo: Sonia Méndez García